

MAIO OS FEIÇICEIROS

Eiqui vimos este ano
con flores e con fiuncho
para cantarlles catro coplas
neste pequeno curruncho

Houbo unha vaga de lumes
alá polo mes de agosto
non viñeron socorrernos
pensando que era un magosto

Vinde a apaga-lo lume,
foi a canción do verán
a que lle quitou a fama
ó mítico 'George Dan'.

Non sei o que vou facer
a 'Farola' está cortada
para baixar de Reboreda
veño pola 'Farrapada'

Os da comparsa 'Colores'
seica non quixeron vir,
pero amosounos as bragas
a fermosa 'Marilyn'

Pasou a Semana Santa,
semana de vacacións,
e os turistas de Cesantes
van cheiños de infeccións.

Traspasa 'Pajarito'
o famoso bar 'Porrón',
onde imos tomar uns chocos
con sabor a mexilón.

Para pedir audiencia agora
tés que ir ó bar da praza
porque o señor Alcalde
ten despacho na terraza.

E Fita dalle que dalle
chamando co 'movistar',
pedindo a berros que veña
a grúa municipal.

Que me dicen das pancartas
da candidata Canal
antes de tira-la foto
foi a 'Cambio Radical'.

Humanizaron a Vila
con beirarrúas moi amplas
e agora pola Alameda
pasean as ambulancias.

O SERGAS está en folga,
que fago coas miñas dores.
vou ir a xunto de "House"
que me dea dous 'Frenadoles'

Se o Presidente viñera
a almorzar ó Cruceiro
sabería co café
custa algo máis dun Euro

Van facer en Pousadouro
unha urbanización
e seica á van chamar
a nova Marina D'or

Xa nos imos despedir,
adeus membros do xurado,
se nos dades un bó premio
invitámos-vos a un trago.